




**A lectura,  
esa gran viaxe**



***“Os lectores somos felices viaxeiros clandestinos”.***

Alberto Manguel

Esta guía foi realizada polo persoal do **Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros**:

- \* **Biblioteca Central Rialeda. Perillo**
- \* **Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro”. Santa Cruz**
- \* **Biblioteca Pública Municipal “Manuel María”. Oleiros**
- \* **Biblioteca Pública Municipal “M<sup>a</sup> José Trincado”. Mera**
- \* **Biblioteca Pública Municipal “M<sup>a</sup> José Ruso”. Dorneda**
- \* **Biblioteca Pública Municipal “Ánxel Fole”. Nós**
- \* **Biblioteca Pública Municipal “Xograr Mendiño”. Lorbé**
- \* **Biblioteca Pública Municipal “Federico García Lorca”. Montrove**

**Catálogo do fondo bibliográfico:** <http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

**Visita o noso blog:** <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

**Páxina web municipal:** [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

Biblioteca Central Rialeda  
Avda. Rosalía de Castro, 227A  
15172 Perillo - Oleiros  
Tel. 981 639 511  
Fax 981 639 996  
[biblioteca.rialeda@oleiros.org](mailto:biblioteca.rialeda@oleiros.org)

Depósito legal: C 1859-2010



Desde as bibliotecas municipais de Oleiros ofrecemos esta guía de lectura, formada por 225 recomendacións, cun dobre obxectivo: presentar obras de calidade literaria, artística ou científica para animar a súa lectura, audición ou visión e lembrar que un libro, un CD, ou un DVD son tamén un bo agasallo.

Esta escolla foi realizada por todo o persoal das bibliotecas polo que nela poderán atopar publicacións moi diversas. Trátase dunha selección de obras de autoras e autores galegos, españois e internacionais, para diferentes gustos, intereses e preferencias. Boas historias e bos libros para ler, observar ou mirar, películas ou discos para gozar e compartir. Témolas nas nosas bibliotecas e pódense levar en préstamo.

Todos os anos editamos dúas guías: unha ao comezo do verán e outra polo Nadal. As obras recomendadas nas anteriores procuramos que non volvan figurar para que non se repitan e así aportar novidades ou obras clásicas que non seleccionamos.

A clasificación que figura nesta guía é:

*Obras infantís e xuvenís:*

- Poesía e teatro
- DVD, CD-Rom e CD
- Banda deseñada
- Libros de coñecementos
- Libros para nenas e nenos menores de 6 anos
- Libros para nenas e nenos de 6 a 8 anos
- Libros para nenas e nenos de 8 a 10 anos
- Libros para nenas e nenos de 10 a 12 anos
- Libros para adolescentes de 12 a 14 anos
- Libros para maiores de 14 anos

*Obras para mozas/os e adultas/os:*

- Banda deseñada
- Obras literarias
- Libros de coñecementos
- DVD
- CD audio

Desexamos que todas as lectoras e lectores poidan atopar algunha que lles guste.

## Poesía e teatro infantil e xuvenil



### **4 poemas de Joan Manuel Serrat y un baúl de pequeñas cosas**

Poemas de Joan Manuel Serrat. Ilustracións de José Aguilar. Versos y trazos *Amósanos o poeta que é Joan Manuel Serrat. Primeiro ofrécenos unha breve biografía para pasar despois aos catro poemas escollidos: “Mediterráneo”, “Aquellas pequenas cosas”, “Mi niñez” e “Barquito de papel”. Todo acompañado de fermosas ilustracións.*



### **Comedia bífida**

Manuel Núñez Singala. Galaxia  
*Unha peza teatral que pon de manifesto algunhas das situacións que vivimos en relación coa lingua galega. Humor, ironía e moito sarcasmo son os pratos fortes desta derradeira cea teatral.*

### **Farrapos de nube**

Xoán Neira. Ilustrado por Ánxeles Ferrer. Baía  
*O autor describe cousas, paisaxes ou persoas nestes poemas pensados para os máis pequenos.*



### **Game over**

Carlos Losada. Xerais  
*Divertimento para rapaces sobre a relación entre eles e os xogos de ordenador. Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil.*



### ***O misterio das ganas de durmir***

Teresa González Costa. Fervenza  
*Na recepción dun hotel de verán hai que resolver un grave problema, co protagonismo da recepcionista que leva meses lendo unha novela de misterio, que non consegue acabar polas continuas interrupcións dos clientes.*

### ***Mouchiño Mou***

Xoán Babarro González. Ilustracións de David Soler. Galaxia  
*“Sen un bo plumeiro, trémelle as patinñas, trémelle o peteiro...”, un conto feito poesía para os máis pequenos.*



### ***Oda a unha estrela***

Pablo Neruda, ilustracións de Elena Odriozola. Kalandraka  
*Delicioso poema de Pablo Neruda, magnificamente ilustrado por Elena Odriozola, que nos presenta como algo fermoso e extraordinario (unha estrela) se pode converter nunha molestia se se saca do seu contorno natural.*



### ***Rutinero***

Níger Madrigal. Ilustracións de María Wernicke. Fondo de Cultura Económica  
*“La espuma es la risa de la ola; el mar está siempre riéndose de todo”. Este e outros fermosos poemas poderás ler neste libro (que foi “Premio Hispanoamericano de Poesía para Niños 2007”), acompañados de delicadas ilustracións.*



### ***El secreto del oso hormiguero***

Beatriz Osés. Ilustraciones de Miguel Ángel Díez. Faktoría K de Libros  
*Preciosos versos como este:*

*“La pesadilla del gamusino”*

*“Anoche soñé  
que un niño decía  
que yo no existía...”*

*As ilustraci3ns merecen a nosa atenci3n  
neste libro que foi “1º Premio de Poesía  
para Niños y Niñas Ciudad de Orihuela”.*



### ***Selección poética***

Gabriela Mistral. Faktoría K de libros  
*Trece poesías da universal poeta chilena,  
ilustradas por Paloma Valdivia, artista da  
mesma nacionalidade.*



### **Una amistad inolvidable**

Luc Jacquet, dir. Cameo

*A amizade entre unha nena e un raposo. O animal descubriulle un mundo fascinante e descoñecido. Unha aventura que a cativa non esquecerá e cambiará a súa maneira de ver o que a rodea.*



### **Mia idiomas: el complot de Mataharata**

Kutoka Interactive

*Método de aprendizaxe de inglés e francés en CD-Rom. A avoa Mimí desapareceu, xusto cando acaba de gañar un premio no concurso anual de tortas. Terás que axudar a Mia a atopala.*



### **El niño que quería ser un oso**

Jannik Hastrup. Laurenfilm

*Unha osa polar síntese desconsolada cando o seu cachorro nace morto. O seu compañeiro rouba un bebé, que acaba de nacer, dunha familia humana para que a nai osa poda crialo. O neno aprende todas as habilidades que un animal necesita para vivir no Ártico e medra créndose un oso. Esta fermosa historia inspírase nas lendas tradicionais dos Inuit.*

### **La Ola**

Aurum

*A un profesor de instituto ocórreselle un experimento para poder explicarlle aos seus alumnos cal é o procedemento dos gobernos totalitarios.*

***Una serie de catastróficas desdichas de Lemony Snicket***

Brad Silberling. Dreamworks

*Baseada nos primeiros tres libros de Lemony Snicket (o primeiro deles Un mal principio, editado por Montena). Conta no reparto con Jim Carrey como o Conde Olaf, Meryl Streep como Tía Josephine e Jude Law como a voz de Lemony Snicket, entre outros. Para as/os amantes das aventuras, das historias escuras ao mellor estilo dos contos de fadas, con personaxes excéntricos e situacións absurdas.*



***Tic tac***

Pablo Díaz. Kalandraka

Libro + CD

*Unha obra ben feita, cunhas cancións que serven para escoitar as nenas e nenos, pero tamén as familias, xunto a unhas ilustracións innovadoras.*



### ***Bone: los ojos de la tormenta***

Guión e debuxo de Jeff Smith. Cor de Steve Hamaker. Astiberri

*Cómic no que Fone Bone, xunto cos seus primos, viven diversas aventuras. Atopan unha fermosa muller, un dragón e ás “mostrorratas” (ás que lle gustan moito as tortas). Chegan á cidade de Barrel Haven, alleos á conspiración que se lles aveciña.*

### ***El descubrimiento de América***

Gerónimo Stilton. Destino

*Os amantes das historias de Gerónimo Stilton agora tamén as poderán ler en formato cómic.*



### ***Pedro y el lobo***

Miguelanxo Prado. Norma

*Magnífica adaptación do conto de Sergei Prokofiev.*

### ***¿Por qué no puedo colarme?***

Olga Alamán. Ilustracións de Clara Roca.

Destino

*Sinxelas normas de convivencia fannos a vida máis doada a todas/os, como é colaborar para mellorar o noso contorno e compartir o que temos: a alegría o bo humor, etc.*

### ***Andy Warhol***

Patricia Geis. Combel

*Da colección ¡Mira qué artista!, recolle a figura do gran creador do Pop Art, converter en arte imaxes que forman parte da cultura popular. De Warhol foi tamén a idea das famosas Time Capsules (“cápsulas do tempo”).*

### ***El arte para comprender el mundo***


Véronique Antoine-Andersen. Ilustracións de Henri Fellner. Serres

*Explica con humor e agudeza, que tanto para o creador como para o espectador, a arte é unha necesidade, que se transforma co paso do tempo e que é indispensable para comprender o mundo.*

### ***Bocas***

Xulio Gutiérrez. Ilustración de Nicolás Fernández. Factoría K de libros

*Neste libro, da colección “Animais extraordinarios”, descríbense con detalle doce especies que obteñen o seu alimento de forma moi peculiar, cunhas bonitas ilustracións.*





### **Una ciudad a través del tiempo**

Philip Steele. Blume

*Desde os primeiros asentamentos gregos ata as cidades industriais. O xeito de ocupar o espazo e a maneira de vivir ao longo dos séculos, explicada de maneira moi sinxela, atractiva e con ilustracións moi clarificadoras.*

### **Como facer un Cómic**

Lewis Trondheim e Segio García. Factoría K de libros

*Nesta obra trátase de establecer as bases da aprendizaxe, da escritura e da lectura dos cómics. Contén numeroso exercicios.*

### **De día y de noche**

Valerie Guidoux. SM

*Especialmente indicado para a xente miúda, a partir dos seis anos, ten fiestras e solapas despregábeis, rodas para xirar, facendo da lectura unha actividade interactiva.*



### **Déjate contar un cuento**

Paula Farias. Prólogo de José Saramago. Fotografías de Juan Carlos Tomasi e Petros Kokkinos. Santillana

*Di Saramago “Las imágenes que este libro muestra hablan del sufrimiento que habita en las moradas de los hombres y afloran el horror que sobre ellas ha caído, pero la poesía de la palabra, sin dejar de lado su ímpetu acusatorio, acude a cubrirlo todo con el aliento de una fraternidad conmovedora...”*

### **Descubre el medio ambiente**

David Suzuki. Oniro

*O libro deste gran divulgador da ciencia ensina a aforrar enerxía, elaborar unha placa solar, reciclar papel, reutilizar un cartón de leite como comedero de paxaros, etc. ter conta do noso contorno e coidalo.*



### **Ideas creativas para habitaciones divertidas**

Sieta Lambrias. Grijalbo

*Ideas para que os máis pequenos personalicen as súas habitacións colaborando na súa decoración.*



### **Juegos y trucos de magia**

Ángela & Guimo. Libro Hobby

*Un montón de xogos e trucos cos que os máis pequenos sorprenderán a amigos e familiares.*



### **El libro de lo más insólito**

Nicholas Harris (... et al.) textos. Libsa

*Un libro sobre récords que fixeron historia co que aprenderás datos sorprendentes.*



### **Manualidades**

Manuela Martín. Todolibro

*Este é un libro para gozar cos pequenos, creando divertidos e sorprendentes traballos manuais, con materiais que temos pola casa e aprendendo así a reciclar.*

### **As miñas primeiras palabras en inglés**

Equipo editorial de Lisma Ediciones. Baía  
*Libro bilingüe inglés-galego. Vocabulario relacionado coa familia, o corpo, a roupa, a rúa, os alimentos, os transportes, os deportes, os animais, as formas, os números, as cores, os días da semana.*



### **La Mona Lisa**

Patricia Geis. Combel

*Espléndido libro da colección iMira qué arte!; en concreto dun dos cadros máis famosos da historia, para experimentar, para xogar e ver as obras de arte con outros ollos. Gozar deste enigmático, sorriso?.*



### **Yo seré los ojos de la tierra**

Libro + CD

Fotografías da axencia Altitude. Tinta china de Zaü. Texto de Alain Serres. Edelvives  
*Magnífica obra con excelentes fotografías aéreas que mostran a beleza e o sufrimento do planeta, xunto cuns interesantes textos e expresivas ilustracións. O CD contén músicas do mundo nunha selección realizada por José Miguel López.*







### **Cando?: Frederik**

Lionni, Leo. Kalandraka

*Libro con páxinas resistentes para moitas manipulacións. Son só debuxos para que compartamos a ledicia da pre-lectura en compañía.*

### **¿De quién es esta casa?**

Gabrielle Clima. Ilustracións de Barbara Jelenkovich. La Coccinella

*Para descubrir e divertirse xogando.*



### **Onde está?**

Christian Voltz. Kalandraka

*Cunha estrutura repetitiva, con frases sinxelas e recursos visuais adecuados aos primeiros lectores, temos unha divertida historia coa que podemos ver máis aló do aparente. Que se agocha baixo un montón de cousas sen valor? Sorpresa!, segundo como os combinemos aparecerá algún personaxe.*



### **Que estou a oír?**

Liesbet Slegers. Tambre

*Nesta colección, Xela, a protagonista vai descubrindo os sentidos. Este volume achega varias pistas para que descubra unha serie de sons: a chuvia, o teléfono, un avión, tanto da natureza como da vida cotiá. Ilustracións moi claras e expresivas acompañan o texto.*

### **Quen é?**

Leo Lionni. Kalandraka

*Con este libro e a través da lectura de imaxes, os máis pequenos da casa coñecerán a Frederick e os seus amigos.*

### **O abrigo misterioso**

Jeannette Jennings. Factoría K de Libros  
*Que levaría o señor Abellón debaixo do seu avultado abrigo? Que era aquilo que parecía gruñir, croar? Os tres amigos decidiron ir tras del para descubri-lo.*



### **Un becho extraño**

Mon Daporta. Ilustracións de Óscar Villán.  
Factoría K de Libros  
Mira que mira atopei un becho extraño..., así comeza este conto. Que será?



### **La granja al dedillo**

Ilustracións de Xavier Deneux. Combel  
*Un libro para iniciarse na lectura e coñecer o mundo da granxa a través do tacto.*



### **Jacinto y María José**

Dipacho. Fondo de Cultura Económica  
*Non son necesarias as palabras. Cunha plástica moi poética, podemos ver unha sinxela historia de dous nenos que se gustan nunha rexión da selva. A maxia da infancia emerxe das ilustracións e evoca os óleos de Henri Rousseau.*

*Esta obra foi gañadora do XII Concurso de Álbum Ilustrado "A la orilla del viento".*



### ***O pequeno Yared***

Amalia Pérez Otero. Ilustracións, Pablo Álvarez Rosendo. Nova Galicia

*A falta de interese de Alba polas clases de ballet serve de introdución á historia de Yared, un neno de Etiopía ao que non lle gustaba ir ao colexio, pero ao que as duras condicións de vida na súa aldea lle ensinarán a importancia do esforzo persoal para acadar os seus soños.*



### ***Picurruchos***

Mar Pavón. Ilustracións de Joao Vaz de Carvalho. OQO

*Libro de humor, no que teñen grande importancia as ilustracións. Ensínanos a non prohibir as cousas absurdas. Mamá Pimpona non quere alimentar os seus fillos con “picurruchos”, pero non atopa nada para levarlles. Cal será a súa sorpresa cando ao chegar á casa atopa que a súa veciña deulle aos seus fillos “picurruchos” con patacas.*

### ***Só un segundo***

Silvio Freites. Ilustracións de Flavio Morris. Kalandraka

*Saberías dicir cantas cousas poden ocorrer nun segundo?*

### **Verdaderos amigos**

Manuela Olten. Lóquez

*Dous amigos pelexan na hora do recreo. A situación parece que non vai ter fin ata que os dous esquecen por que comezou a disputa. E se xogamos xuntos? Moito mellor xogar que discutir.*



### **A viaxe do bisavó**

Marta Farias. Ilustracións de Aitana Carrasco. Kalandraka

*É a historia dunha aventura frustrada, pero tamén da mestizaxe, de lembranzas e de soños cumpridos e incumpridos.*





### ***O baúl dos ladróns***

L. Frank Baum. Ilustracións de Iván Prieto. OQO

*Un misterioso baúl do que non se coñece o seu contido, nunha tarde un tanto aburrida, engadido á curiosidade natural de Marta, dará lugar a unha curiosa e inesperada situación.*

### ***Un conto de cegoñas***

Antonio Ventura. Ilustracións de Leticia Ruifernández. Galaxia

As pequenas cegoñas están a punto para emprender o seu gran voo ata París, e chégalles a hora de que seus pais lles descubran a verdade sobre esta viaxe.

### ***El detective Patas y el caso del gato de oro***

John O'Leary. Combel

*Un novo caso para o detective Dick Patas, experto en disfraces, en karate e en reunir probas, ao que os rapaces poderán acompañar nas súas investigacións para atrapar aos culpables.*

### ***A festa no faiado***

María Antonia Moreno. Galaxia

*Uxía vive nun faiado, se non fose por Gato a súa vida non sería tan divertida.*

### **A figueira de pelostortos**

Ana García-Castellano. Ilustracións de Mikel Mardones. OQO

*Cando un non é xeneroso e é moi rancoroso, ten que esperar as consecuencias.*



### **Furacán**

Txabi Arnal Gil. Ilustracións de Neus Bruguera. Kalandraka

*Fronte ao furacán que atemoriza a todo o pobo, unha bolboreta vai ser capaz de devolverlle as cores e a alegría.*



### **A illa dos cangrexos violinistas**

Xavier Queipo. Ilustracións de Jesús Cisneros. Oqo

*Unha fermosa obra que nos fala da curiosidade infantil, das ansias de coñecer e saber que teñen todos os nenos e nenas. Unha edición moi coidada, cunhas delicadas ilustracións en tons suaves e figuras estilizadas.*



### **A marabillosa ponte do meu irmán**

Ana Maria Machado. Ilustracións de Emilio Urberuaga. Tambre

*Bruno ten un irmán co que xoga todo o tempo e do que aprende moitas cousas. Adoitan xogar cunha ponte, que para Bruno é máxica porque unhas veces é un muro, un valo, unha costa. É todo aquilo que lle preste á súa imaxinación.*



### **Marie y las estrellas**

Pilar Millán Derqui. Ilustracións da autora. Planeta & Oxford

*Marie é unha buscadora de estrelas e desexa saber o lugar onde se atopan. Para facer realidade o desexo da nena será clave a súa relación coa natureza.*

### **Mira Mira**

Ángels Navarro e Sonsoles Llorens. Ilustracións de Carmen Queralt. Combel

*Ás veces as cousas non son o que parecen a primeira vista. Mira, xira e descobre o que se agocha detrás das formas deste libro.*



### **El misterioso caso del oso**

Oliver Jeffers. Ilustracións do autor. Fondo de Cultura Económica

*Estrañas desaparicións, misterios sen resolver, as probas diríxense cara a un sospeitoso de deforestar o bosque, por que? Resolve o enigma desta historia, con espléndidas ilustracións.*

### **Una noche, un gato...**

Yvan Pommaux. Corimbo

*Un gato sae por primeira vez só pola noite, cousa que preocupa moito aos seus pais.*



### **Os oficios de Chuquelo**

Pinto & Chinto. Galaxia

*Preséntanos un can diferente, cuns comportamentos moi parecidos aos dos humanos. Podemos ver os sucesivos intentos deste can por atopar traballo.*



### **A pel do crocodilo**

Abraham Carreiro. A Nosa Terra

*Conto popular de Namibia sobre un facho crocodilo ao que lle gustaba que o admirasen a todas as horas do día.*

### **El pequeño tigre rugidor**

Reiner Zimnik. Kalandraka

*Un pequeno tigre vive feliz no bosque, todos os animais son os seus amigos. Pero el quere saber que hai alén do bosque...*

### **El príncipe de los enredos**

Roberto Aliaga. Ilustracións de Roger Olmos. Edelvives

*Obra ganadora do Premio Lazarillo 2008 de álbum ilustrado.*

*Como nos di esta obra, ás veces hai expertos en complicar as cousas, pero na nosa man está que eses seres marchen a enredar a outro lugar.*



### **La revolución de los pájaros**

Anna Llauradó. Ilustracións de Gloria García. Oniro

*Os paxaros non poden cantar a causa das bucinas dos coches, os nenos axudaranos mediante a intervención de personaxes máxicos.*

*Este libro pertence á colección “El espíritu de la Tierra” que quere concienciar os nenos e nenas de que hai que coidar o planeta no que vivimos.*





### ***Yo soy el más alto***

Paul Maar. Ilustracións de Peter Gut. Juventud.

*Jonah e Enuki son dous nenos Inuit aos que lles parece moi importante saber cal é o máis alto dos dous. Evidentemente non se poñen de acordo. Será a avoa de Enuki quen lles conte a historia da lúa e do coello para decatarse de que non era para tanto.*

## Libros para nenas e nenos de 8 a 10 anos



### **29 historias disparatadas**

Ursula Wölfel. Ilustracións de Neus Bru-guera. Kalandraka.

*A autora aborda as pequenas historias cotiás, nas que os personaxes son os protagonistas de situacións cómicas e sorprendentes.*

### **A abella abesullona**

Manuel Janeiro. Ilustracións de Marta Álvarez. Galaxia

*A historia dunha abella que recibe o encargo de buscar flores para traer néctar e pole e salvar á colmea. Nesta busca, despois de moitas dificultades, atopa néctar e pole, pero tamén a súa identidade e liberdade.*



### **Al señor zorro le gustan los libros**

Franziska Biermann. Los Cuatro Azules  
*As desventuras e problemas dun raposo ao que lle gustan tanto os libros..., que os acaba comendo!*



### **Los amantes de la mariposa**

Benjamín Lacombe. Edelvives  
*Álbum de gran formato, con delicadas ilustracións, dunha fermosa lenda oriental sobre a loita contra o destino duns mozos namorados.*



### ***El aprendizaje amoroso***

Laëtitia Bourget. Ilustracións de Emmanuelle Houdart. Fondo de Cultura Económica

*Que sucede despois de “casaron e viviron felices”? Esta historia comeza onde remata a maioría dos contos clásicos..., como superar os celos, as diferenzas, os ronquidos?*

### ***Cleta, un agasallo do mar***

Joan Vila i Vila. Ilustracións de Roger Olmos. Tambre

*Unha serea deixa as profundidades do océano para amosarlle á súa filla o mundo que hai fóra do mar. Atoparanse con Cleta, nunha noite de lúa chea, unha cativa moi curiosa e simpática que vai vivir aventuras inesquecibles.*



### ***Cuando el caracol y quince más***

Daniel Nesquens. Ilustracións de Elena Queralt. Edelvives

*Nesta colección de 16 contos breves aparecen protagonistas do máis variado: gato que salta de tellado en tellado, unha víbora destemida, un globo que comeza unha longa viaxe, etc., personaxes tratados con humor, con toques absurdos froito da grande imaxinación (como sempre) do seu autor.*

### ***De cigüeñas despistadas y princesas intercambiadas***

Enric Lluch. Ilustracións de Tesa González.  
Edebé

*Dúas cegoñas intercambian as princesas que acaban de nacer, de dous reinos diferentes. A princesiña foi parar ao País dos Xigantes e a princesaza foi dar ao País dos Ananos. Imaxinade os problemas que se poden derivar desta equivocación.*

### ***Elas***

Cecilia Afonso Estévez. Kalandraka  
*Fermoso texto poético, con moita musicalidade e suxestivas ilustracións. Definiérono como “un canto ao feminino”.*

### ***Ensalada de bruxas***

Rosa Serrano. Ilustracións de Andrea López. Galaxia  
*Ensalada con forma de libro para saber máis de bruxas. Algo de aceite, unhas areíñas de sal –o vinagre xa o poñen as bruxas– e listo para servir. Saborosa e divertida ensalada.*

### ***O fillo do Pintamonas***

María Solar. Ilustracións de Teresa Novoa.  
Tambre

*Os Nubelos son, xunto aos Grislás, os que posúen o segredo das lendas. Acción, aventuras, personaxes que semellan sinxelos, pero que están cheos de matices, nunha linguaxe próxima, limpa, fresca. Nesta historia fálase tamén do que é diferente, e da amizade por riba de todo.*





### ***Irene en América Central***

Leyre Prado Simón. Ilustracións Alicia Suárez Otero. Xunta de Galicia  
*Estes “Contos do Mundo”, dedicados neste caso a América Central, ofrécennos sete contos, un por cada país desta zona.*

### ***Junie B. Jones y la fiesta de fin de curso***

Barbara Park. Ilustracións de Denise Brunkus. Bruño  
*Pasaron moitas cousas desde o primeiro día de colexio de Junie. Agora, por fin chegou a festa de fin de curso para toda a súa clase!*



### ***Olga e o dinosauro***

Breogán Riveiro. Ilustracións de Andrés Meixide. Galaxia  
*Aínda que é normal asustarse se un dinosauro aparece no teu cuarto, ás veces as cousas non sempre acontecen así. Sobre todo se é un dinosauro sorprendente, curioso e moi intelixente.*



### ***A peripecia de Roi***

Carlos López. Ilustracións de David Pintor. Tambre  
*Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil da Deputación da Coruña.*  
*Durante toda a semana Roi portouse moi ben, así que a súa nai decide premialo prometéndolle que o vai levar á festa. Cando comeza a soar a música dos cabaliños, marcha coa súa nai para a festa. Divertido relato de aventuras fantásticas co que podemos ver que en literatura todo é posible.*

### ***La señora y el niño***

Geert De Kockere. Ilustracións de Kaatje Vermeire. Barbara Fiore

*Un magnífico álbum ilustrado que fala da imaxinación, dos prexuízos, do medo e da fascinación que produce. Tamén da amizade entre un neno e unha anciá.*

*Espléndidas ilustracións que se van definindo e collendo luminosidade a medida que a historia avanza.*



### ***O sorriso de Rosalía***

Cristina Sáez Cazallas. Ilustracións de Noemí López. Everest Galicia

*Rosalía ten o sorriso máis grande do mundo e ten algo máis grande aínda: a súa imaxinación.*





### **Bat Pat: el pirata Dientedeoro**

Roberto Pavanello. Ilustracións de Blasco Pisapia e Pamela Brughera. Montena  
*Comparte as emocionantes vacacións do morcego Bat Pat e os irmáns Silver, nunha illa maldita habitada por piratas pantasma.*

### **O canto dos peixes**

Marcos Calveiro. Xerme  
*Historia dunha fermosa relación de complicidade entre Ismael, un vello mariño, e Xácobe, un neno agoniado polas dificultades que arrodean a súa vida.*

### **El código del dragón**

Tea Stilton. Destino  
*Tea Stilton, irmá do famoso periodista Gerónimo Stilton, será a protagonista, xunto coas súas cinco amigas, dunha intrigante historia chea de misterios e sorpresas.*



### **Las crónicas de Spiderwick: el ogro malvado**

Tony Diterlizzi e Holly Black. Ediciones B  
*Quinta parte da saga "Las crónicas de Spiderwick". Os irmáns Grace irán en busca do refén, enfrontándose aos dragóns e ao ogro Mulgarath, ao cal terán que vencer para evitar que o mundo sexa dominado polo ogro.*



### **As desgrazas de Sophie**

Valérie Dayre. SM Xerme

*Sophie lembra un episodio da súa infancia para responder unha pregunta do seu fillo. Cando nunhas vacacións na casa duns parentes a fascinación do principio se converte en indiferenza e desplantes.*



### **O fillo do rei desaparecido**

Xoán Babarro, Ana M<sup>a</sup> Fernández. Ilustracións de Marina Seoane. Tambe *Lino non acaba de coñecer ben a historia do seu pai. Por unha banda está a versión da tía avoa Xela, que non deixa de ser marabillosa pero irreal e por outra está a da súa nai, que é a verdadeira.*



### **El gran libro del misterio: 13 historias con un final que no te esperas**

Antonio Tello. Parramón

*Trece relatos de misterio de autores recoñecidos, acompañados de moi boas ilustracións.*



### **Imagínate, Andrea**

Pilar Lozano Carbayo. Ilustracións de Josep Rodés. Planeta & Oxford

*Viaxar no tempo case dous mil anos atrás, buscar un tesouro na Roma Imperial, coñecer ao emperador Traxano..., todo isto e moito máis é capaz de facer Javier para alegrar a vida da súa irmá Andrea.*



### **Los manuscritos de la tetera**

Michael Lawrence. Ilustracións de Robert Ingpen. Blume


*Libro sorprendente, protagonizado polos “peruanos peludos”, unha misteriosa raza liliputiense en grave perigo de extinción. Os cinco membros desa comunidade que sobreviven a unha catástrofe, teñen que botarse ao mar, na procura dun novo lugar onde vivir. A embarcación elixida por Árnica, Apartado, Adagio, Astuto e Andante para a súa viaxe é unha... teteira!!!*



### **A nena pálida**

Xosé Miranda. Tambre

*Tres relatos curtos cun toque fantástico: unha nubeira que ten dificultades para lle aprender á súa filla a facer treboadas; unha nena morta que fala con outra nena; un trasno que non para de amolar...*



### **A Odisea contada aos nenos**

Rosa Navarro Durán. Ilustracións de Francesc Rovira. Rodeira

*A través desta adaptación da obra de Homero, as nenas e nenos coñecerán as aventuras de Ulises.*



### **Pesadelo no tren Chocolate**

Fina Casalderrey. Ilustracións de Patricia Castelao. Galaxia

*Narración de intriga e misterio, escrita coa mestría característica desta autora, na que consegue manter o suspense ata o final.*

## ***O polimacho e outras criaturas***

Antonio Reigosa. Tambre

*Relatos confeccionados con personaxes divertidos e sorprendentes: o mago Merlín, o home do saco...*

## ***Valados***

Agustín Fernández Paz. Ilustracións de Xan López. Xerais

*Un fermoso libro que fala da amizade por encima das diferenzas, da igualdade entre todos os seres humanos fronte aos odios, da liberdade, da loita contra as discriminacións, segregacións e imposicións inxustas.*





### **Al otro lado del espejo**

Peter Abrahams. Salamandra  
*Primeira entrega dunha serie protagonizada pola espelida Ingrid, de trece anos, admiradora de Sherlock Holmes e aspirante a actriz, na enigmática cidade onde vive, Echo Falls, na que cada quen parece acubillar máis dun segredo.*

### **A casa da luz**

Xabier P. Docampo. Ilustracións de Xosé Cobas

*Alicia e os seus amigos coñecen a Puma-riño. Con el, viaxarán a un mundo que ningún antes visitara e ao que só se pode chegar atravesando os cadros.*

### **Ciudad de ceniza**

Cassandra Clare. Planeta  
*Fantasia urbana, amores imposibles, vampiros, bruxas, demos, anxos... e moita acción, únense nesta segunda entrega de "Cazadores de Sombras".*




### **Contos azuis**

Fernando Cabeza Quiles. Galaxia  
*Un feixe de contos, de temática variada.*

### **Cosmic**

Frank Cottrell Boyce. SM

*Divertida novela na que Liam Digby ten doce anos pero, pola súa estatura e porque ten barba, parece un adulto o que lle fai vivir situacións distintas ás que viven os outros nenos da súa idade, incluída unha viaxe polo espazo.*



### **Habitación 202**

Concha Blanco. Everest

*Un novo xornalista comeza a recibir recurrentes visitas dun ser que aparenta chegar do Alén.*



### **La llave del tiempo: la puerta de Caronte**

Ana Alonso y Javier Pelegrín. Anaya

*Sexta entrega da serie de ciencia ficción La llave del tiempo. Neste libro Martín e os seus amigos exploran Eldir, o inferno dos perfectos, onde se agacha un importante segredo.*

### **Lluvia de millones**

Frank Cottrell Boyce. SM

*Que farías si un día atoparas un lote de millóns e so tiveras 17 días para gastalos?*





### **La maldición del titán**

Rick Riordan. Salamandra

*Terceiro libro protagonizado por Percy Jackson, o adolescente semi-deus que se ve embarcado nunha nova aventura.*

### **El mar de los monstruos**

Rick Riordan. Salamandra

*Segunda entrega da serie Percy Jackson e os deuses del Olimpo, onde Percy (fillo dun deus e unha mortal) vive unha nova aventura.*

### **Más rápido, más alto, más fuerte**

M<sup>a</sup> Isabel Molina. Ilustracións de Francisco Solé. Alfaguara

*Alejandro volve a Grecia, país do que saíu moi pequeno como escravo. Convertido agora en home libre, chega como protector do fillo dun senador romano que compete como atleta. A ambición persoal e o desprezo polos demais deste mozo, fan difícil a estancia en Olimpia. Este libro é unha achega aos primeiros xogos e á época da dominación de Roma sobre Grecia.*



### **Papel mojado**

Juan José Millás. Anaya

*Partindo dun argumento típico de novela policial, cun estilo áxil, mesturando humor e ironía, o autor trata o conflito entre o que se é e o que se quere ser, para chegar a un final sorprendente.*

### **As raíces do tamarindo**

Sindo Pacheco. Rodeira

*Os problemas de Tony, un adolescente cubano que intenta sortear as dificultades, pero a súa difícil situación familiar e o medio que o rodea ponllo un pouco difícil.*

### **O reino ideal**

Miguel Anxo Mouriño. Ilustracións de Andrés Meixide. Galaxia

*Os pais de Antía sepáranse e a súa vida cambia de súpeto. O colexio, o lugar de residencia, os amigos... Ten que comezar de novo, o que ela non sabe é que vai vivir un montón de aventuras.*



### **Robinson Crusoe**

Ajubel. Media Vaca

*Novela en imaxes inspirada na obra de Daniel Defoe, que obtivo o Bologna Ragazzi Award 2009 na categoría de ficción. Orixinalidade para un traballo que deu como resultado un libro marabilloso composto por setenta e sete debuxos, case todos a cores, a través dos cales o autor conseguiu contarnos a soidade de Robinson Crusoe e as súas adversidades, sen utilizar ningún texto.*



### **Romaxe de desventuras**

Pepe Carballude. Ilustracións de Siro López. Everest Galicia

*Un toque de humor neste conto sobre Lisardo Novo, un morto que volve ao mundo dos vivos para cumprir unha promesa: visitar Santo André de Teixido.*



### **Sangre de tinta**

Cornelia Funke. Siruela

*Meggie, que herdou de seu pai o don de dar vida aos personaxes dos libros, iniciará unha nova viaxe ao Mundo de Tinta en compañía de Farid.*





**Sebastian Darke:**  
**príncipe de los Piratas**

Philip Caveney. Alfaguara

*Sebastian Darke, Max y Cornelius querén atopar o tesouro do rei dos piratas, para iso pretenden chegar ao peirao de Ramalát. Terán que enfrontarse a batallas navais, bestas mariñas e numerosos obstáculos para chegar ao seu fin.*

**Siempre enfadada**

Marie Desplechin. SM

*Aurora refúxiase no seu diario despois de suspender todo e do castigo dos seus pais pola factura do teléfono.*

**Skulduggery Pleasant:**  
**detective esqueleto**

Derek Landy. SM

*Un detective que en realidade é un cadáver e a súa inseparable amiga, Stephanie, investigan a morte dun famoso escritor de novelas de maxia e terror. O que só parecía un simple asasinato, resulta ser o inicio duna cadea de feitos que fan conectar a vida cotiá cun mundo de poderes maléficos.*



**A voz do lago**

Antón Riveiro Coello. Galaxia

*A amizade entre a moza María Mariño e Irene, unha nena de dez anos coa que compartirá un segredo: o misterio dun libro que provoca murmuro no lago.*



## Libros para maiores de 14 anos



### **Adiviña quen son**

B. Masini e R. Piumini. Tambre

*Narra a singular aventura entre dous mozos compañeiros de clase que intercambian mensaxes anónimas nas que falan de si e do seu mundo.*

### **Blanca oscuridad**

Geraldine Mc Caughrean. Serie Roja. Alfabuara

*A protagonista, Sym, irá contando unha experiencia que a leva ata o Polo Sur e na que demostrará a súa capacidade de supervivencia e superación. Impresionante e á vez dura historia sobre a Antártida.*

### **O clan da loba**

Maite Carranza. Edebé-Rodeira

*Historia de Anaíd, que debido á desaparición da súa nai, verase envolta nun mundo increíble que lle era totalmente descoñecido.*

### **O derradeiro irmán**

Nathacha Appanah. Xerais

*O vello Raj relata en primeira persoa a súa infancia e a historia dunha amizade que o marcará sempre. Lembranzas tenras e tamén duras que contan a historia do exilio, da supervivencia e da loita do ser humano pola vida.*





### **Los dueños del paraíso**

Andreu Martín. Edebé

*Ariadna e Toni escriben unha novela ambientada na época do descubrimento de América inspirándose nas denuncias de xenocidio lanzadas por Bartolomé de las Casas.*



### **Duke**

Manuel Quinto. Edebé

*Andrés relata ao seu neto unha lembranza que o deixou marcado para toda a vida. Unha paixón amorosa, a loita por sobrevivir, o heroísmo e a mesquindade, todo iso nos convulsos anos da guerra civil española.*



### **El elfo oscuro**

R. A. Salvatore. Timun Mas

*A medio camiño entre xogo de rol e literatura fantástica. Os elfos escuros aparecen como terribles inimigos no xogo Advanced Dungeons & Dragons. Nesta historia Drizzt Do'Urden, o elfo escuro caracterízase pola súa bondade e sentido da xustiza.*

### **OK, señor Foster**

Eliacer Cansino. Edelvives

*Dous personaxes crúzanse na vida de Perico e bótanlle unha man para solucionar os seus problemas: o señor Foster, fotógrafo inglés, e Ismael, misterioso curtidor de peles do que todos sospeitan que ten un escuro pasado.*

*Novela realista e sincera, cun protagonista con ganas de descubrir e coñecer, de ampliar horizontes.*

### **As pedras do destino**

Óscar Losada. Tambre


*Narra a historia de dous adolescentes que, malia estar a moitos quilómetros de distancia un do outro, levan vidas paralelas. Un vive en Palestina e o outro en Irlanda do Norte, os dous implícanse na loita política dos seus pobos e descubren o amor.*



### **Periodistas, búlgaros y rubias**

Blanca Álvarez. Planeta & Oxford

*O mundo do fútbol, unha moza e destemida xornalista, unha mafia que opera sen problemas no país, personaxes marxinais e solidarios, conforman unha trama xornalística-policial con toques de ironía e humor.*



### **Poe**

Jordi Sierra i Fabra. Ilustracións de Alberto Vázquez. Libros del Zorro Rojo

*O escritor catalán dedícalle unha especial biografía a Poe. Saca á luz o lado menos popular deste escritor empregando unha novela biográfica, na que os sentimentos e, sobre todo os diálogos, comparten espazo con ilustracións en branco e negro. Inclúe fragmentos dalgúns dos seus relatos máis coñecidos, e cada capítulo vén precedido dun fragmento do celebrado poema O corvo.*



### **La puerta oscura: Réquiem**

David Lozano Garbala. SM

*Terceira entrega da serie La puerta oscura, na que Pascal atravesará de novo a porta escura en busca dun antídoto que cure o seu amigo Jules dun maleficio.*

### **El remoto decimal**

Gonzalo Moure. SM

*Apolo é un adolescente cunha mente privilexiada pero con problemas para relacionarse cos demais, só con Magga, a rapaza que lle gusta e coa súa nai é capaz de expresar os seus sentimentos.*



### **Rinocerontes e quimeras**

Marcos S. Calveiro. Tambre

*Míster B inaugura o seu novo circo de autómatas e deixa a súa sorte, dentro dun vagón de tren, a sete nenos-monstro que antes eran a maior atracción do seu espectáculo.*

### **Titus Flaminius. La pista gala**


Jean-François Nahmias. Edelvives

*Outro novo caso para o investigador Titus Flaminius, que esta vez está na Galia en misión secreta.*

### **Trilogía de las Tierras**

Jordi Sierra i Fabra. Siruela

*Reedición dunha obra convertida xa nun clásico de referencia. As máquinas e os homes son iguais ante a lei, pero esta convivencia vese alterada ante a acusación dun asasinato dunha máquina por parte dun home.*



### **Veleno tinto: unha aventura de frei Samuel**

Ramón Carredano Cobas. Xerais

*Frei Samuel, monxe do mosteiro de Toxosoutos, deberá resolver os estraños crimes acaecidos no castelo de don Rui. Unha novela de intriga ambientada na Galicia do século XIV.*





***Contrato con Dios: la trilogía***

Will Eisner. Norma

*Con estas tres historias que transcurren na cidade de Nova York, asistimos ao nacemento da novela gráfica.*

***Dámsmitt***

Kike Benllet. Ilustracións de Manel Cráneo  
*Cómic no que iremos coñecendo pouco a pouco os segredos do pasado e no que os personaxes terán que enfrontarse aos seus medos.*



***De profundis***

Miguelanxo Prado. El patito editorial

*Érase unha vez unha casa no medio do mar... Así comeza esta historia gráfica da que tamén temos o DVD.*

***La tetería del oso malayo***

David Rubín. Astiberri

*Personaxes humanos e animais teñen como lugar de encontro a tetería do oso Sigfrido. Historias persoais encadeadas que dan forma á segunda obra gráfica do premiado autor galego David Rubín.*



### ***Una posibilidad entre mil***

Cristina Durán e Miguel Giner. Sinsentido  
*Os autores son pais dunha nena con problemas neurolóxicos e relatan os obstáculos que tivo que superar a súa filla de 6 anos desde que naceu.*

### ***El señor Jean:***

#### ***Hora de hacer balance***

Dupuy-Berberian. Norma  
*Despois de converterse en pai, chegou o momento de que este personaxe faga balance da súa vida e enfrente os seus medos e responsabilidades.*





### **El accidente**

Ismaíl Kadaré. Alianza

*Un taxi sáese da calzada e provoca un accidente mortal. As investigacións policiais afánanse por aclarar os feitos deste misterioso suceso.*

### **Aguas heladas**

Gisa Klönne. Maeva

Judith Krieger, inspectora de policía en Colonia, investiga a desaparición de varias persoas.



### **Antoloxía poética**

Uxío Novoneyra. Edición de Arturo Casas. Galaxia

*Escolma da obra poética do poeta do Courel homenaxeado nas Letras Galegas 2010.*



### **Los Buddenbrook**

Thomas Mann. Edhasa.

*A acción transcorre entre 1835 e 1876 nunha vila alemá e os protagonistas son os Buddenbrook, unha rica familia burguesa.*



### ***Camiños de amor e lúa***

Xosé Carlos Caneiro. Biblos

*Aínda que é máis coñecido pola súa obra en prosa, Caneiro tráenos desta volta algúns poemas.*



### ***Cuatro hermanas***

Jetta Carleton. Libros del asteroide  
*Retrato dunha familia.*

### ***O desfalco***

Valentín Katáiev. Rinoceronte

*Sátira arredor dos anos vinte soviéticos e dunha de tantas estafas cometidas por malversadores de fondos públicos. Levada ao teatro e traducida a numerosos idiomas.*



### ***Os Eidos***

Uxío Novoneyra

Edición Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco. Xerais.

*Recolle a 1ª parte de Os Eidos, publicada en 1955 e a 2ª parte que se publicou en 1974.*

*Un canto á natureza no que se plasma a comunicación total e cordial co universo. Preséntanos a insignificancia e a soidade do ser humano ante a grandeza esmagadora da natureza, na que aparece inmerso e identificado con ela.*



### **En concreto**

Luisa Villalta. Espiral Maior

*Poeta, narradora, ensaísta e autora teatral, esta obra foi Premio de Poesía Espiral Maior e publicouse postumamente.*



### **A escrita do Camiño Primitivo**

Cesáreo Sánchez Iglesias. A Nosa Terra  
*Fermoso libro de poesía ambientado no Camiño Primitivo de Santiago. Topónimo a topónimo, o poeta fainos ir por prados e parroquias como uns peregrinos máis.*

### **Las filipinianas**

Inma Chacón. Alfaguara

*Unha época de tensións políticas e sociais e tres mulleres, marcadas pola viaxe, que intentan encontrar o seu camiño na familia, na masonería e na sociedade.*



### **A filla do filósofo**

Elena Poniatowska. Galaxia

*Este libro presenta unha escolma de relatos curtos da escritora mexicana, cada un deles traducido por un escritor galego.*



### **Hermanas**

Josefina Aldecoa. Alfaguara

*Historia de dúas irmás que representan dous tipos de muller, rodeadas por un contorno de complicidades e sentimentos, de afinidades e discrepancias.*

### **Historia argentina**

Rodrigo Fresán. Anagrama

*Un montón de historias arxentinas que merece a pena coñecer.*



### **Libros de Luca**

Mikkel Birkegaard. Suma de letras.


*Unha grande aventura sobre o poder da palabra escrita, tan ben coñecida polos lectores, pode chegar a extremos abraiantes sen que sexamos conscientes deles.*

### **Los que van a morir te saludan**

Fred Vargas. Punto de lectura. Santillana

*Os principais protagonistas son tres mozos franceses, que son amigos e estudan en Roma, pero unha noite hai un asasinato nunha festa diante do palacio Farnesio. Este feito fará poñer a proba a súa amizade.*

*Unha orixinal novela de intriga e misterio, na que varios dos seus personaxes teñen un escuro pasado.*



### **Madia leva!**

Antón Grande. Alvarellos editora

*Trinta historias cotiás*

### **La memoria de las piedras**

Carol Shields. Círculo de lectores

*A vida de Daisy, unha ama de casa americana, é narrada a través das persoas que a rodean.*





### **Mil años de poesía europea**

Ed. lit. Francisco Rico. Backlist  
*Antoloxía de poesía europea, na que podemos atopar autores tan relevantes como Dylan Thomas ou Szyborska.*

### **A miña planta de laranxa lima**

José Mauro de Vasconcelos. Ilustracións de Fernando Alonso Andújar. Primerapersona  
*Zezé, o protagonista principal desta fermosa historia, vive nun barrio marxinal de Río de Xaneiro, maltratado pola súa familia, este fillo do paro será quen de sobrevivir día a día no medio da miseria, grazas á súa intelixencia e bondade.*

### **O muiñeiro ouveador**

Arto Paasilinna. Rinoceronte  
*Os veciños de Gunnar Huttunen pensan que está tolo cando pon a funcionar un vello muiño, este diagnóstico vese confirmado cando o escoitan ouvear polas noites, polo que intentan ingresalo nun manicomio.*



### **La mujer de blanco**

Wilkie Collins. Biblioteca Homolegens  
*Unha moza casa sen amor cun aristócrata que a maltrata psicoloxicamente e que trata por todos os medios de quedarse coa súa fortuna que só poderá ser del se ela morre.*

### **La naranja mecánica**

Anthony Burgess. Booket

*Narra a historia de catro adolescentes que viven nun mundo de crueldade e destrución, que son sometidos a un novo experimento para que aborrezan a violencia.*

### **Os nomes do traidor**

Xurxo Sierra Veloso. Xerais

*Delanuit é acollido nun programa de protección a testemuñas tras declarar en contra dun narcotraficante...*

### **Non me deixes nunca**

Kazuo Ishiguro. Galaxia

*Uns nenos estanse a educar nun exclusivo colexio, na campiña inglesa e non lles está permitido ter contacto co mundo exterior ata os 16 anos. Saben que viñeron ao mundo cun propósito especial ao que se alude, pero do que o lector nada sabe.*

### **Nun mundo hostil.**

#### **Teatro breve reunido (1997-2007)**

Raúl Dans. Espiral Maior

*Dezaseis pezas teatrais moi breves que tocan diferentes temas: violencia, culpa, redención, amor, fracaso, fidelidade...*





### **Paraíso inhabitado**

Ana María Matute. Destino

*Unha obra que recrea o paso da infancia á madurez. A protagonista, Adriana, vai nos contando distintos sucesos acontecidos durante a súa infancia. Reflexa a vida cotiá dunha nena da burguesía española nos anos previos á Guerra Civil. É unha fermosa e emotiva obra, na que mestura realidade e imaxinación.*



### **Poesía**

Miguel Hernández

En: Obra completa. Tomo I.

Edición crítica de Agustín Sánchez Vidal y José Carlos Rovira coa colaboración de Carlos Alemany. Espasa-Calpe  
*Algunhas das obras, recollidas neste volume son:*

*“El rayo que no cesa”, na que o amor e a morte constitúen os eixos da súa escritura.*

*“Cancionero y romancero de ausencias”, que é posiblemente a súa produción máis intimista, na que figura o seu poema “Nanas de la cebolla” dedicado ao seu fillo, ao recibir unha carta da súa muller onde lle dicía que non comía nada máis que pan e cebolla.*

*Poesía de gran humanidade e tenrura, con fermosos poemas amorosos e existencialistas.*

### ***A procura do falso Grial***

Manuel Forcadela. Galaxia

Aventura protagonizada polo detective Toni Barreiro. O roubo dunha valiosa antiqüidade e un dobre asasinato.

### ***El secreto de sus ojos***

Eduardo Sacheri. Alfaguara

*Novela que inspirou a película dirixida por Juan José Campanella que recibiu o Óscar á mellor película de fala non inglesa en 2010. Cando Benjamín Chaparro era prosecretario nun xulgado de instrución, chegou á súa oficina a causa dun homicidio que non puido esquecer. Agora, xa xubilado, repasa as instancias deste caso. Unha trama policial ambientada nos anos sesenta e setenta, nunha Arxentina que paulatinamente irase mergullando na violencia política.*

### ***Señora de rojo sobre fondo gris***

Miguel Delibes. Destino

*Ana, a muller que lle descubriu a beleza e a plenitude do cotián, e que enchía todo coa súa presenza. É unha fermosa narración, como unha homenaxe que lle fai á súa muller. Fala de amor, da admiración que sentía pola súa parella e de humanidade.*





### **Sete casas en Francia**

Bernardo Atxaga

Factoría K de libros

*Ambientada no Congo belga nos primeiros anos do século XX. Tras a aparencia de relato de aventuras, aflora o dramatismo da etapa colonial. Un oficial ao que a súa familia lle mete presión para que continúe no Congo co obxectivo de poder mercar a sétima casa á que alude o título.*

### **Silencio**

Tomas Perry. Umbriel

*Thriller psicolóxico de estilo penetrante, cheo de tensión e moito suspense que atrapa o lector dende a primeira páxina.*

### **Teatriños ou aturuxos calados**

Erín Moure. Galaxia

*Poemas que abren recunchos agochados na linguaxe. Edición bilingüe, traducida por María Reimóndez, con citas de Elisa Sampedrín sobre os Teatriños.*



### **Tentación**

János Székely. Lumen

*Béla nace en 1913 nunha aldea húngara, e medra como unha personaxe de Dickens.*



### ***La ternura de los lobos***

Stef Penney. Salamandra

*Canadá a finais do século XIX: un adolescente implicado nun asasinato desaparece e parten na súa busca.*



### ***Versos a Compostela***

Rosalía de Castro. Alvarellos

*Versos a Compostela reúne por vez primeira os poemas nos que a cidade de Santiago é referente lírico e existencial de Rosalía de Castro.*



### ***Vestio***

Xosé Miranda. Xerais

*Novela de intriga, suspense, pánico e misterio. Condúcenos de sorpresa en asombro polos labirintos da alma humana e das crenzas máis terribles.*

### ***¿Por qué las cebras no tienen úlcera?: la guía del estrés***

Robert M. Sapolsky. Alianza Editorial  
*Análise do estrés, as súas causas e posí-  
beis estratexias para superalo.*



### ***Anatomía de un instante***

Javier Cercas. Mondadori  
*Crónica do golpe de estado acontecido o  
23 de febreiro de 1981.*

### ***Aprendendo a prever a violencia de xénero***

Sonia Souto. A Nosa Terra  
*Magnífica axuda para todos os educado-  
res comprometidos con este problema  
social cada vez máis visible e que se dá  
en todas as franxas de idade, en todos  
os grupos sociais, económicos, relixiosos  
e culturais.*

### ***La caída del Muro de Berlín***

Jean-Marc Gonin e Olivier Guez. Alianza  
*O Muro de Berlín foi durante décadas a  
testemuña muda da Guerra Fría. Cando  
se cumpren vinte anos da caída deste  
muro, os autores deste libro narran a súa  
intrahistoria.*



### ***El camino de Santiago con Paradores***

Silvia Roba. Guía Viajar. Grupo Zeta  
*Guía para facer o Camiño de Santiago  
aloxándote en paradores.*

***Cartas a Katherine Whitmore  
(1932-1947)***

Pedro Salinas. Tusquets

*Epistolario amoroso entre o poeta Salinas e a profesora estadounidense Katherine Whitmore.*



***Dentro de Pink Floyd***

Nick Mason. Ma non tropo

*Un repaso pola historia deste mítico grupo.*



***Guía das orquídeas de Galicia***

Carlos Cortizo Amaro e Elvira Sahuquillo Balbuena. Baía


*Interesante introdución para coñecer e recoñecer as orquídeas silvestres do noso país, un tesouro apenas coñecido polo público en xeral.*

***Guía das plantas de Galicia***

Xosé Ramón García. Xerais

*Guía ilustrada e cunha terminoloxía sinxela para identificar as especies que podemos atopar nas saídas ao campo.*






**Guía universal del rock:  
de 1990 hasta hoy**

Jordi Bianciotto. *Ma non troppo*  
*Un percorrido polas últimas tendencias  
dentro do mundo do rock.*



**Historia de la Filosofía  
sin temor ni temblor**

Fernando Savater. Ilustracións de Juan  
Carlos Savater. Espasa Calpe  
*Alba e Nemo, dous adolescentes, son o  
fío condutor desta historia da filosofía  
para mozos. Amósanos as diferentes  
correntes do pensamento filosófico des-  
de Sócrates ata o século XX. Para isto as  
personaxes pasarán por numerosas aven-  
turas persecucións, descubrimentos, etc.*



**Milagros de vida**

J.G. Ballard. Mondadori  
*Autobiografía do autor, coñecido polas  
súas obras de ciencia ficción pero tamén  
pola súa novela "El imperio del sol".*

**DVD**

**para mozas/os e adultas/os**



### **Al final del camino**

Roberto Santiago, dir. Warner Bros  
*Nacho é fotógrafo. Pilar xornalista. Ódianse. Con todo, terán que facerse pasar por unha parella para facer unha reportaxe sobre un gurú que resolve as crises de parella facendo o Camiño de Santiago. Durante 6 días de viaxe a través de Galicia veranse envoltos en todo tipo de situacións absurdas, delirantes e románticas.*




### **Bienvenidos al norte**

Dany Boon. Cameo  
*Divertido filme francés, no que o protagonista se enfrenta á difícil situación de ter que vivir nun lugar que detesta, Bergues, caracterizado polo incomprendible acento da súa xente e pola incesante choiva.*

### **Calamares gigantes**

National Geographic. RBA; Track Media  
*A variante máis temida desta clase de cefalópodo é unha criatura que pode achegarse ao tamaño dun ser humano e pesar unha tonelada. Rodada no Mar de Cortés, este documental amosa non só a capacidade predadora, senón tamén a intelixencia fóra do común que permite comunicar a estas luras non só entre si senón tamén coas súas presas e captadores.*





### ***Cometas en el cielo***

Mark Forster, dir. Dreamworks Pictures  
*Baseada na novela do mesmo título de Khaled Hosseini. Conta a historia dunha grande amizade entre dous nenos que rompe por un desgraciado acontecemento.*

### ***La Edad de Oro***

Varios/as autores/as. Divisa Home Vídeo.  
RTVE

*Colección de 4 DVD e máis de 12 horas de música e vangardas dos anos oitenta. Grupos musicais como os galegos “Golpes Bajos” e “Siniestro Total”, entre outros representantes das diversas “movidas”; e artistas como “Ceesepe”, “Ouka Lele”, “Mariscal” e “Barceló” amosan ante as cámaras dunha insólita e arriscada TVE as propostas máis atrevidas dos primeiros anos dunha década que significou o florecemento creativo non só da Transición democrática senón do período máis recente da historia cultural de España.*

### **Gran Torino**

Clint Eastwood, dir. Warner Bros


*Un guión conciso e preciso para unha historia ambientada nun barrio periférico dunha cidade onde conviven xentes de distintas razas, culturas, emocións. En medio de todo xurde unha personaxe atezado polo seu pasado e os seus prexuízos axigantados polo paso do tempo. Clint Eastwood toca practicamente todos os seus temas favoritos: a familia, a vellez, a amizade, a violencia e o amor, co fondo da imperiosa necesidade de comunicación humana como catarse para tempos difíciles.*



### **Northfork**

Michael Polish, dir. Manga Films

*Northfork vai quedar literalmente mergullada por un encoro, deixando paso a un novo proxecto hidroeléctrico. Un equipo de seis homes recibe o encargo de retirar aos derradeiros habitantes antes de que sexa demasiado tarde. Cando se despregan polas rúas de Northfork, atópanse cun grupo de persoas apenas preparadas ou nada dispostas a abandonar o lugar.*





### ***Paisajes transformados***

Jennifer Baichwal, dir. Karma Films  
*Documental sobre a obra fotográfica do canadense Edward Burtynsky, especializado no que poderíamos chamar “paisaxismo industrial” e as consecuencias do desenvolvemento non sostible conxuntamente coa actividade humana depredadora. As fotografías de Burtynsky son unha advertencia, un aviso de que aínda estamos a tempo de cambiar unha morea de cousas para respectar o noso planeta.*

### ***El pico de las viudas***

John Irvin, dir. Filmmax Home Video  
*Unha áxil e atractiva comedia situada na Irlanda dos anos 20 do século pasado. Un grupo de viúvas está ao tanto da vida e milagres dos habitantes do pobo e desde a súa privilexiada posición social atrévense a influír nas súas vidas. O ton costumista e unha excelente ambientación vense acompañados de diálogos frescos e áxiles a cargo do excelente trío de protagonistas: Mia Farrow, Joan Plowright e Natasha Richardson.*

### ***Psicosis***

Alfred Hitchcock, dir. Edición coleccionistas. Universal  
*Unha edición de luxo para un clásico do cine de terror que este ano cumpre o seu 50 aniversario.*



### **La revolución de la Sra. Ratcliffe**

Bille Entringham (director) con Catherine Tate e Iain Glen. Warner Bros

*Comedia situada nunha estancia dunha familia inglesa na Alemaña do leste no ano 1968.*

### **Robin de los bosques**

Michael Curtiz, William Keighley, dir. Warner Bros

*En plena febre "Robin Hood", grazas á nova versión de Ridley Scott, propoñemos unha achega á versión de 1938, todo un fito e obra de referencia no cine de aventuras polo seu ritmo, espectacularidade e doses de humor. Atención especial merece a química da parella protagonista: Errol Flynn e Olivia deHavilland, os tres Óscars gañados e un uso realmente pioneiro do technicolor.*

*Versión en dobre disco repleto de extras e documentais.*

### **Star Trek Enterprise**

Paramount Home Entertainment

*A máis recente das series da saga Star Trek, ambientada 100 anos antes das aventuras do Capitán Kirk na serie orixinal. O capitán Jonathan Archer inicia a exploración do espazo en nome da humanidade co obxectivo de establecer relacións pacíficas con novas civilizacións. A colección consta de 4 tempadas completas.*





### **Sueños del desierto**

Zhang Lu, dir. Cameo Media

*Unha película que expón temas como a inmigración, a incomunicación e as tensións entre as culturas. Un pobo da estepa de Mongolia, preto da fronteira chinesa, é o escenario dunha historia de fuxidas e acollidas. Mentres os habitantes orixinais abandonan os que foron os seus fogares durante séculos, unha moza refuxiada norcoreana chega para intentar refacer a súa vida.*



### **Todo Pilates**

Divisa Home Vídeo

*5 DVD con diferentes niveis: iniciación e especialización: aeróbico, adelgazante e bandas elásticas. O método Pilates é un sistema de adestramento físico e mental creado a principios do século XX polo alemán Joseph Hubertus Pilates e baseado en distintas especialidades como ximnasia, traumatoloxía, ballet e ioga.*



### **Viaje al interior del cuerpo humano**

National Geographic. RBA; Track Media

*Nacemento, crecemento, madurez e morte. O paso a través das diferentes idades do ser humano son o eixo desta produción que emprega unha nova linguaxe audiovisual, valéndose das máis recentes recreacións dixitais e as cámaras microscópicas. Unha diferente ollada ao noso interior.*

## CD audio para mozas/os e adultas/os



### **Automatic for the people**

R.E.M. Warner Music

*Un dos grandes álbums deste grupo estadounidense de rock, rotundo éxito de público e crítica nos anos 90.*



### **Brasileiro**

Sergio Mendes. Elektra

*Excelente músico cunha dilatada carreira, Sergio Mendes pode presumir de sintetizar con éxito estilos diversos como o pop, o jazz coa bossa nova. Tras os seus diferentes proxectos Brazil 66, 77 e 88, Sergio encarou a década dos noventa cun álbum, agora clásico, que pon ao día os ingredientes básicos das súas producións: elegancia nas instrumentacións, comercialidade non exenta de calidade e gusto polos novos estilos musicais. "Brasileiro" significou un éxito instantáneo, e "Magalenha" o seu estandarte.*





### **Como el agua**

Camarón de la Isla. Universal Music Company

*“Como el agua / luz del alma me adivina / que a mí me alumbra mi corazón / mi cuerpo alegre camina / por que de ti lleva la ilusión”*. A profundidade e o desgarro de Camarón flúen ao longo desta gravación que supón un impresionante reencontro de Camarón e os Lucía. A voz do “cantaor” sona aquí máis doce e ferinte que nunca, acompañada por unhas guitarras impresionantes, a de Paco de Lucía e a do Tomatito mozo, que aprende e mellora da man do mestre.

### **De pura cepa**

Paco Cepero. Fonográfica del Sur

*Ser o guitarrista de figuras clave como Camarón ou Terremoto é por si mesmo unha carta de presentación que Paco Cepero transmite con igual gusto e sabedoría musical nos seus traballos en solitario. O multipremiado artista acomete diversos estilos, desde rumbas, bulerías a tangos e colombianas, sen esquecer o pouso de guitarra clásica que se agocha en cada unha das súas interpretacións entre as que sobresa “Aguamarina”, tema que pola composición e riqueza musical é o buque insignia desta segunda etapa da súa vida como músico e guitarrista.*

## **Egypt**

Yossou N'Dour. Nonesuch

*As producións de Yossou N'Dour caracterízanse pola combinación das súas tradicións senegalesas con outras fontes de inspiración, en moitos casos occidentais. Pero neste caso o artista regresa á súa África natal penetrando nos sons de Exipto, achegando a tradición orquestral árabe para poñer acentos musicais á mística sufí de Senegal, país do que achega os ritmos e melodías. As letras amosan unha diferente interpretación do Islam e a teoría e prácticas sufíes.*



## **Eterno navegar**

Uxía. World Village

*Uxía reinventa e personaliza sons que a relacionan con países como Portugal, Brasil ou Cabo Verde. Tras oito anos sen gravar, o concepto oceánico dese “eterno navegar” está máis que nunca presente na súa música: “Neste disco tratei de reproducir o ambiente atlántico co contacto destes territorios de fala portuguesa”. Un traballo moi coidado que inclúe quince temas baixo a súa melodiosa voz, o seu estilo intimista e acompañada de músicos galegos, africanos, portugueses e brasileiros nunha conxunción única de mornas, alalás e fado.*





### ***From Elvis in Memphis***

Elvis Presley. RCA

*O renacemento artístico de Elvis Presley tivo lugar a finais dos anos sesenta, cando publica este austero aínda que elegante e emotivo álbum no que se aprecia un cambio radical de son, unha aposta máis madura e afastada do frenético rock'n'roll dos seus comezos. O soul e o country son as novas fontes das que a inconfundible voz de Memphis sérvese para deixar ben claro que quen tivo retivo. CD ampliado con temas extra.*

### ***Kick Out The Jams***

MC5. Elektra

*1968 é o ano da volta ás raíces, á crueza orixinal do rock'n'roll en pleno declive da psicodelia e do “verán do amor” do 1967. MC5, pioneiros do son Detroit xunto aos Stooges de Iggy Pop, executan con abrasiva electricidade un directo esencial, segundo paso (atrás quedaban The Sonics) no camiño evolutivo cara o punk rock que despuntará unha década despois nas Illas Británicas.*



### ***Misturados***

Cristina Pato e Mutenrohi. Zouma Records  
*Dous discos que recollen o traballo de Cristina Pato coa súa banda entre os anos 1997 e 2007.*

### ***My favourite things***

John Coltrane. Atlantic

*Un triunfo do tradicionalismo a través dun dos álbums máis accesibles de John Coltrane tendo en conta as referencias sonoras que Coltrane reinterpreta: Richard Rodgers e Oscar Hammerstein, Cole Porter, Du Bose Heyward e George e Ira Gershwin. O resultado: un álbum de constantes melódicas que pode satisfacer a ouvintes non iniciados a través de temas como “My favourite things”, de grande influencia en posteriores artistas. Apartando por un intre o free jazz, Coltrane transita por territorios máis tradicionais con gusto e expresividade.*



### ***OK Computer***

Radiohead. Parlophone

*Radiohead ten o estraño privilexio de ser practicamente etiquetado sen éxito pola maior parte dos críticos musicais. Partindo dos seus inicios máis orgánicos influenciados por Bono e compañía ata as súas experimentacións máis recentes de ton progresivo, pasando por propostas descaradamente anticomerciais. O grupo de Thom Yorke pode considerarse unha referencia sónica fundamental do final de século. OK Computer é a obra que mellor sintetiza toda a súa paleta sonora.*





***Pictures at an exhibition;  
Night on bald mountain***

Modest Mussorgsky. Filarmónica de Berlín. Claudio Abbado, dir. Deutsche Grammophon

*Versión orquestral de Ravel sobre a obra de Mussorgsky, que inicialmente estaba destinada a piano. Obra que ensambla diferentes sensibilidades: desde a melancolía de “The Old Castle” ao triunfalismo de “The great gates of Kiev”. Pola súa banda, “Night on bald mountain” preséntase aquí na súa versión inicial, afastada do máis coñecido arranxo de Rimsky-Korsakov e interpretada pola Sinfónica de Berlín cunha maior carga rítmica e crueza tonal.*



***A Quinta das Lágrimas***

Milladoiro. Cormorán/Eixo Atlántico

*“Na Quinta das Lágrimas” transcorren os amores entre Inés de Castro e Don Pedro de Portugal, metáfora que comparten Galicia e Portugal: historia, tradicións, ritmos e paisaxes.*



## **Sihá**

Mercedes Peón. Discmedi

*O terceiro disco de Mercedes Peón marca un punto de inflexión cara a elementos electrónicos, coa utilización de percusións programadas en lugar das tradicionais. Como é habitual, a coruñesa compón e interpreta todos os temas. Mercedes Peón fai un percorrido por diferentes estados de ánimo, mesturando tradición, moito gusto e modernidade, sempre baixo a mesma idea: “A miña música é música de compositor, cunha autoestima cultural que me sae polas orellas”.*



## **Vals con Bashir**

Ari Folman, dir. Cameo

*Documental animado sobre a matanza de refuxiados palestinos en Sabra e Chatila (Líbano) en 1982.*

## **Zume de terra**

Xosé Manuel Budiño. Boa

*O terceiro álbum do artista de Moaña representa o primeiro achegamento ao “sampling” de elementos tradicionais –gravacións de hai máis de 4 décadas– coa modernidade das producións do folk fusión. Xosé Manuel asume neste álbum todas as tarefas de creación, arranxos e produción, deixando espazo unicamente para as habituais colaboracións que inclúen a Mercedes Peón, Kepa Junquera, Xoel López, entre outros. Gañou o 1º Premio Opinión de Música Folk en 2004 e foi elixido entre os mellores álbums do ano pola revista Folk World.*







## Concello de Oleiros

ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL  
DE CULTURA

[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)



SISTEMA DE BIBLIOTECAS  
PÚBLICAS MUNICIPAIS  
DO CONCELLO DE OLEIROS

Catálogo das bibliotecas:  
<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>